

As eleccións de 1910 na provincia da Coruña baixo o asfixiante manto protector

XAVIER BRISSET MARTÍN*

Sumario

Hai cen anos, as primeiras eleccións tras da Lei Electoral de 1907, deixaron na provincia de A Coruña, un completo catálogo de arbitrariedades, manipulacións, pucheirazos e abusos, que ben poden valer como mostrario das prácticas habituais no longo período da Restauración. Coa información ofrecida por algúns dos xornais da cidade de A Coruña, pode recrearse ese especial ambiente electoral.

Abstract

One hundred years ago, the first elections after the Electoral Law of 1907, left a complete catalogue of judgements, manipulations, back-handers and abuses, which could well serve to demonstrate the usual practices throughout the period of Restoration. From the information contained in some of the journals of the city of Corunna, we can re-create that special electoral ambience.

Aproveitándome da acelerada democratización das hemerotecas, que nos últimos anos rivalizan en dar facilidades a investigadores/as e interesadas/os, tiven a ocasión de comparar a información ofrecida por diversos xornais galegos, sobre as eleccións celebradas en maio de 1910. Concretamente na provincia de A Coruña.

Nada novo atopei que contradiga a visión consolidada nos libros de texto que ofrecen a análise sobre ese período histórico coñecido como Restauración, pero si tiven a fortuna de acoutar cronoloxicamente esta pescuda, nunhas semanas nas que os principais xornais da capital da provincia estaban a se salpicar mutuamente, acusacións ou denuncias sobre indignos procederes electorais, cometidos polos partidos políticos.

El Noroeste de José Lombardero Franco (1) e *La Voz de Galicia* de Juan Fernández Latorre (2) operaban como portavoces oficiosos dos partidos Conservador e Liberal respectivamente e, respectando un pacto entre cabaleiros, adoitaban colocar sordina a calquera exceso antidemocrático do contrario, entendendo que, por suposto, os propios nin existían.

Electoralmente falando, eran os gobernadores civís e os alcaldes, nomeados polo partido no Goberno, os encargados de coordinar as redes caciquís que parasitaban os tres poderes estatais, para que os candidatos pactados polos dous partidos que monopolizaban o poder, saíran vencedores en todas e cada unha das mesas de todos e cada un dos distritos electorais.

A este respecto a corrupción do sistema era asumida polos monárquicos como algo consubstancial ós seus dereitos de afastar do poder a republicanos, carlistas e rexionalistas, nunha primeira etapa, engadindo ós socialistas e diferentes opcións agrarias á altura do ano que nos ocupa. A farsa electoral era precisa para lexitimar á Monarquía Parlamentaria pero sen correr o menor risco de perder o poder (3). Os xornais, perfectos coñecedores do que se traían entre mans, deixan claro que existían esas irregularidades, pero normalmente

* Xavier Brisset Martín é realizador de vídeos e comisario de exposicións.

as xustificaban como cousas do pasado, cando eses partidos «*tantas veces mezclados y confundidos en contubernio crearon aquella paradisíaca situación de hace muy pocos años, en la cual una junta de rabadanes se repartía en santa paz los rebaños.*» (4)

O propio Maura, no seu «gobierno longo» (Xaneiro 1907-Outubro 1909) deu prioridade a unha nova Lei Electoral que presentaba publicamente para combater un dos principais males do país: o caciquismo. Debía de estar moi ben informado, tendo en conta que no seu goberno participaba o Marqués de Figueroa, no ministerio de *Gracia y Justicia* e Augusto González Besada, primeiro en Fomento e despois en Facenda. Ambolosdous líderes do partido Conservador en Galicia e por tanto coñecedores directos do 50% desas manipulacións políticas na nosa terra.

Polo demais, esas prácticas eran comúns en outras moitas provincias españolas. Agás as grandes cidades e zonas industriais que moi a modo íanse liberando deses prototípicos políticos decimonónicos (5), o resto do Estado, ben por riba da metade, estaba baixo o asfixiante manto protector dalgunha das familias políticas e a súa rede caciquil.

Como promedio, as eleccións a Cortes se celebraban cada dous anos, repetíndose casos tan escandalosos como os que vou comentar, pero non é doado seguiilos na hemeroteca debido ó silencio cómplice dos xornais.

Sen embargo 1910 é unha excepción. A primeiros de ano, tras da precipitada dimisión de Maura e o seu goberno, acelerada polas críticas internacionais por permitir a Weyler exercer unha desproporcionada represión da revolta coñecida como a «Semana Tráxica» catalana, tocáballes convocar eleccións ós liberais. O novo presidente, o ferrolán José Canalejas Méndez, marca as citas para o Congreso e o Senado o 8 e o 22 de maio de 1910 respectivamente, entregándolles ós gobernadores civís o *encasillado*, a *listaxe* ou *encadramento* dos candidatos gobernamentais, idóneos, que debían vencer. Coma sempre, se preciso fora, aplicarían as medidas habituais para que non houbera sorpresas.

Pero a mediados de abril, en Santiago, prodúcese un pequeno desaxuste na *política de gabinetes...* e *El Noroeste* préstase a divulgalo. *La Voz de Galicia* tarda cinco días en asumir que se trata de airear os farrapos sucios... e así entre uns e outros van deixando caer como era a realidade electoral da Monarquía Parlamentaria...

ELECCION DE SENADOR POLA UNIVERSIDADE

Existían dez universidades, entre elas Santiago, que elixían un Senador. Na votación participaban o rector, catedráticos, doutores, directores de Instituto de ensino medio e xefes de Escolas especiais. En Compostela e a súa área, un total de 92 votantes deciden a súa representación, estando equilibrados os partidarios de José Casares Gil, apoiado polos liberais e os que desexaban que seguira no cargo Eduardo Hinojosa y Naveros. Este historiador granadino representou á Universidade dende 1899, agás na lexislatura de 1905-06. Nese bienio Casares foi o elixido ó tempo que Eugenio Montero Ríos, na cima do poder, era nomeado Presidente do Consello de Ministros.

Santiago, berce do «cuco de Lourizán», estaba enfeudado polos «monteristas» e agora, cando lles tocaba a eles a quenda turnista, contaban con recuperar o cargo de senador pola universidade e como tal estaba no encadrado o destacado farmacéutico. Pero as contas non saían porque os apoios de Hinojosa parecían decididos a non respectar a alternancia. Ben porque Casares deixara malas lembranzas daqueles dous anos como senador, ben porque Hinojosa foi quen de conseguir compromisos firmes de máis da metade dos electores.

Ante esa intransixencia, os liberais movernos os fíos. Entón hai catro sospeitosas destitucións. Catro partidarios de Hinojosa foron obrigados a deixar os cargos que lles daban dereito de voto, sendo substituídos por partidarios de Casares. Eses catro votos resultaron decisivos.

El Noroeste do 20 de abril acolle na súa primeira plana, información sobre un escrito dos prexudicados que chegan a cualificar como «odioso cacique máximo» (6), sen citar a ninguén, a quen estaba detrás desa cacticada liberal. Montero Ríos, séntese aludido e diríxese ó Rector en carta publicada na portada de *La Voz de Galicia* (7), na que expresa sobria pero significativamente a amargura de un dolor vivo «El cartel en que figura mi nombre entre los de otros hijos de esa Escuela y que se halla con los de éstos en el Claustro... ordene inmediatamente sea retirado... no quiero, con gran sentimiento por mi parte, conservar relaciones de ningún género con el Claustro de Profesores, porque entre estos hay algunos (no muchos, sea dicho en honor de los demás) que tan sin razón ni motivo insultan y ultrajan a un anciano.»

A campaña de desagravio comeza nesa mesma plana do xornal de Fernández Latorre. Dous días despois, no Consistorio, celébrase unha magna xuntanza popular de canto en Santiago significa e vale. Falan, entre outros, o rector Troncoso, o alcalde Piñeiro e o catedrático Lino Torre, candidato liberal nas eleccións a deputado, primeiro encadrado por Lalín e, a última hora, por Betanzos. A mensaxe foi que Santiago todo recollía a ofensa inferida a un santiagués predilecto. Convocándose, en 48 horas, unha gran manifestación popular que encabezaron os cargos moneristas da cidade. Cando pasaron pola rúa do Vilar, produciuse un incidente que remata coa rotura dos cristais do «Círculo de los Luíses» acompañando berros anticlericais.

O luns seguinte celébrase un Claustro no que se aproba manifestar a Montero Ríos que non houbo ningunha intención de molestalo, pero que os asinantes da denuncia non modificaban, nin minimamente, o texto do escrito.

LA LUCHA ELECTORAL

LO DE SANTIAGO

Quien quiera tener una idea aproximada de la política electoral que el Gobierno está practicando y de cómo corresponde el partido liberal a la acaso excesiva corrección guardada por sus adversarios en ocasiones recientes y análogas, deberá echar una mirada á lo que está ocurriendo con la preparación de la elección senatorial de la Universidad de Santiago.

Cuanto de más escandaloso pueda darse se está haciendo en Madrid y en Santiago para ejercer la más descarada coacción sobre el claustro universitario. Los doctores, los catedráticos, los directores de los centros docentes de la región, están siendo tratados de un modo que, aplicado al último elector montañés, sería absolutamente intolerable. Tras de las peticiones las conminaciones, tras de las conminaciones las amenazas, tras de las amenazas los castigos, las destituciones, las ofertas ilegales é inmorales; á todo se apela para lograr que los electores más calificados y de más categoría intelectual de la comarca, los que tienen voto especial precisamente en cuanto cuerpo superior de enseñanza, den su representación, no á quien ellos deseen confiársela sino al candidato «encasillado» por el Gobierno para esa acta.

¿Qué clase de representación, qué linaje de mandato será el de ese senador liberal, si llega á serlo, otorgado de modo tan forzado y violento y conseguido por medio de tantos y tan vergonzosos atropellos vituperables?

Es preciso pensar bien en lo que ese estado de cosas representa; leer detenidamente las dos cartas en que el Claustro universitario lo expone, una de ellas dirigida á Canalejas y la otra á Maura, notificándoles la serie de ilegalidades, atropellos y vejámenes y pidiendo contra ellos justicia y amparo, para darse cuenta de la extensión de la inmoralidad política que se está realizando en Santiago. Ni aun en los tiempos más vergonzosos del bandolerismo político y de la polacada se ha llegado á tanto.

Profesores amenazados; otros agraciados con promesas de favores y ventajas profesionales, enteramente incompatibles con los reglamentos y los derechos de los demás; directores como el digno y celosísimo Sr. Rogina, de la Escuela Superior de Comercio de la Coruña y otros varios, destituidos por haberse negado honrada y decorosamente á contrariar sus convicciones ó faltar á su palabra votando al candidato ministerial; combinaciones de turnos y ascensos ofrecidos á los que se sometan, á los dóciles y mañosos ante la presión oficial....!

Qué rebajamiento moral! Cuánta abyección y cuánta descorazonadora arbitrariedad triunfal y desecada hay en ese caciquismo despótico ejercido por un gobierno «democrático» contra un grupo respetable de hombres de Ciencia y de saber para arrebatar la representación parlamentaria á un sabio y hombre ejemplar!

Y, observando ese espectáculo, ¿qué se podrá esperar de las sencillas elecciones de colegio y acta amañada dirigidas por un Gobierno que así las prepara en el claustro de una gloriosa Universidad!

Afortunadamente el candidato objeto de tales persecuciones es un hombre que en saber, en dignidad, en austeridad y elevación moral está á una altura superior al nivel de la mediocridad dominante. La personalidad del Sr. Hinojosa le pone á salvo de toda asechancia y constituye el mejor valdador para esta serie de vejámenes incompatibles con la ley y con el prestigio del claustro universitario.

Y esa misma personalidad y la violencia de esa campaña arbitraria han de ser las mayores garantías de que la representación parlamentaria de la Universidad compostelana no podrá otorgarse como un tributo obligado al capricho ministerial.

LA SENADURÍA POR LA UNIVERSIDAD
UN TELEGRAMA DE PROTESTA

Director periódico EL NOROESTE.

Santiago 22 (17 h.)

Rogamos á usted la inserción del siguiente telegrama dirigido al presidente del Consejo de ministros y al ministro de Instrucción pública:

«Una prueba plena de la coacción oficial en las elecciones de senador por esta Universidad es que acabamos de votar al candidato Sr. Hinojosa treinta y ocho electores contra cuarenta y tres, habiéndose sustraído al Sr. Hinojosa por relevación de cuatro jefes de establecimientos sustituidos por otros cuatro partidarios de la candidatura ministerial, ocho votos.

Consiguiéramos negamos la digna representación de la Universidad al candidato proclamado, quien resulta representando solamente al conocido caciquismo.

Después de una tumultuosa elección formularonse fundadísimas protestas ante notario.— Lorenzo Rego, Amando Castroviejo, Armando Cotarelo, Luis Zamora, Sandalio González, Ramón González de la Peña, Vicente López Vigo, Ramón Varela de la Iglesia, Manuel Varela Radio, Vicente López Mosquera, José Varela Menéndez, Ramón Núñez, Francisco Casso, Barreras, Vázquez Queipo, Vázquez Estévez, Enrique Ferreiro, Daniel Pimentel, Juan Barcia.»

Afirmo bajo mi responsabilidad, y puedo probarlo, haber amenazado el Rector al Director de este Instituto con la cesantía en dicho cargo si no variaba su propósito de votar al Sr. Hinojosa y haber cedido el director ante esa amenaza.

VARELA DE LA IGLESIA.

El Noroeste 23 de maio.

Entón, se o prócer Eugenio, ós 78 anos, non era o «odioso cacique máximo», a quen se referían? Sen dúbida, a Manuel García Prieto, seu xenro. Pero este, enfeudado no Congreso polo distrito compostelán, non deu a cara. Tempo terá para silenciar as críticas quen, nun futuro inmediato, será cinco veces Presidente do Consello de Ministros.

Casares Gil foi senador pola Universidade de Santiago durante os seguintes 10 anos, sendo substituído polo seu sobriño Gil Casares.

Hinojosa, pola súa banda, tamén foi senador no ano 1913, pero elixido pola Real Academia da Historia.

LOMBARDERO EN ORDES E PONTEDEUME

Home de toda confianza de Juan Armada Losada, xefe dos conservadores coruñeses, Lombardero, con 46 anos, ademais de director de «El Noroeste» é un político con proxección. Despois de ser deputado itinerante por Arzúa, Fonsagrada, Ordes... pretende enfeudarse neste último distrito.

Enfeudarse significaba non estar pendente do turnismo. Ter un distrito propio, aceptado polos dous partidos. A proba máis difícil era conseguir vencer cando lle tocaba a maioría ó partido contrario. Caso que acontecía neste ano no que o Goberno liberal debía estar arroupado no Congreso por unha folgada maioría de non menos de 220 deputados. Para eso se facían as eleccións. Quedaban por tanto só un cento de escanos para a oposición conservadora. Ser aceptado nese selecto club de conservadores era un chanzo máis na súa carreira.

En marzo pode estar tranquilo porque no encasillado se lle adxudica a representación de Ordes. Pero dous días despois de acoller no seu xornal a protesta do senador Hinojosa, coñécese que os liberais van facerlle competencia, presentando polo «seu» distrito a Francisco Prieto Mera, ex alcalde de Málaga, avogado do bufete madrileño dos poderosos Gasset.

Lombardero sabe que Rafael Gasset Chinchilla, ministro en todos os gobernos liberais do século XX, ordenará ó seu subordinado, o gobernador civil Alvarado, poña seu brazo executivo ó servizo do político andaluz. O candidato conservador acepta o reto e, en primeiro lugar, móstrase hospitalario coa inesperada visita, para dicir a continuación: «Con el poder ministerial se puede hacer mucho; pero no lo suficiente para que un distrito que no quiere tener un diputado cunero se resigne a las imposiciones oficiales.» (8)

Faltaban 15 días para as eleccións, Lombardero por un lado e Prieto Mera acompañado polo cacique local Aller polo outro, percorren o distrito.

Proclamación de diputados

DISTRITO DE ORDENES

A otra cosa. Ocupan puesto en el estrado el señor Lombardero y el señor Aller (D. Saturnino), éste como candidato y como representante del ausente señor Prieto Mera.

Antes de que el escrutinio comenzase, el señor Aller rogó al presidente señor Lillo que se sirviese decirle que resultado había tenido una instancia presentada al propio presidente inquiriendo que pliegos electorales se habían cursado por correo desde Ordenes y quién los entregó en la estafeta.

Contestó el señor Lillo que los pliegos fueron 53 para ser enviados a La Coruña y a Madrid: 25 por el señor Linares, 3 por el señor Pan y 25 por el señor Cuabeiro, con autorización debida de las mesas, según dijeron.

Recomendó el señor Aller, al señor Pan de Soraluze que desde primera hora fué quien procedió al desdoblamiento ó apertura de los pliegos, que cuidase de abrirlos de modo que se conservase íntegro el anverso y el reverso.

Comenzó á escrutarse el Ayuntamiento de Buján, y el señor Aller presentó una protesta alegando que unas secciones se abrieron fuera de la hora fijada, que los locales se vieron invadidos de forma que se imposibilitó la votación, que los pliegos fueron entregados por persona ajena á las mesas, etc.

El señor Lombardero culpó de cualquier mala pasada que hubiese acaecido á la influencia oficial, á los delegados que trabajaban á las órdenes del señor Aller, hasta el punto de rodear los colegios y sobretaxar al pueblo. Lamentó no haber tenido antes noticia de la consulta hecha por el señor Aller respecto á la entrega de pliegos y recordó el deber inexcusable que tienen los administradores de correos de admitir cuanto les entreguen los presidentes de las mesas.

Señaló al jefe de la estafeta de Ordenes como amigo del señor Aller.

Se llegó á Cerceda y aparecieron dos actas del escrutinio de una sección.

El señor Aller, siempre recomendarlo mucho que no se mezclasen sobres y pliegos, preguntó al presidente si podía examinar los documentos.

Acedió el señor Lillo.

El señor Lombardero: Pero es que pueden enseñarse esos papeles oficiales? ¿Merecen confianza las personas que van á verlos?

Arguyó el presidente que el criterio era el de dar facilidades á todos los candidatos.

El señor Aller dijo que si él aparecía sospechoso para el señor Lombardero, para él podía serlo el señor Pan (D. Emilio) que parecía actuar de vicesecretario.

Leídos los escritos, resultó que se trataba de un acta y de una certificación.

En la primera aparece el señor Lombardero con 6 votos y el señor Prieto Mera con 355 y en la segunda se asignan á estos candidatos 157 y 213 respectivamente.

La falsa, según el señor Aller, es el acta del menor número de votos para el candidato conservador.

Opinó lo contrario el señor Lombardero y optó porque se escrutase el documento en que aparecía mayor número de firmas.

Pidió el exdiputado por Ordenes, don Saturnino, que se leyese el artículo de la ley que dice que "en caso de que en alguna sección hubiese actas dobles y diferentes, no firmadas sus cubiertas por todos los individuos de la mesa, la Junta no hará cómputo alguno de ellas".

Los dos documentos tienen firmas auténticas, y llegaron acompañados de idénticas listas de votantes.

Se aplazó la resolución de este incidente para el final.

Á la elección en Curtis y Frades opuso protestas el señor Aller, fundándolas en coacciones, en parcialidades manifiestas de las mesas, etc.

El Sr. Lombardero arguyó que todo eso había sido obra de los poderes públicos, de los funcionarios judiciales, de la Guardia civil y demás elementos concitados contra él.

Hubo nuevas reclamaciones del señor Aller contra la elección en Tordoya, por coacciones y abusos, que fué desahogado en notas sencillas, que entregó á la mesa.

Replicó el señor Lombardero que él protestaba contra las facilidades que supone tuvo el señor Gasset, así en el orden judi-

cial como en el gubernativo. Proclamó que su elección es válida.

Más alegatos: Respecto á Trazo, dijo el señor Aller que la mesa, sobre haberse constituido de modo anormal, no funcionó más que determinado tiempo, porque á una hora dada, "plantaron" aquéllos á quienes convenía, dejando la urna con unas cuantas papeletas... y aún no han vuelto, no obstante lo cual el acta apareció luego suscripta con votación crecida.

Añadó otros cargos prolijos.

El señor LOMBARDERO: Todo eso será verdad, pero lo es también que la votación no tiene tacha.

Al ir á finalizar el escrutinio, se examinó el caso del acta doble, ó mejor dicho del acta y de la certificación.

Opinó el señor Tojo que debía prescindirse de esta última y escrutarse el otro documento, y disintió el señor Pérez Porto, entendiendo que la certificación, en suma, es igual á tantísimas otras que se habían escrutado en diferentes distritos de la provincia.

En total: partiendo la diferencia, opinó que no se escrutase ninguno de los dos papeles.

Se impuso una votación. Resultó de ella que optaron por la aprobación del acta siete señores vocales, incluso el presidente, que se reservó votar con la mayoría.

Seis, votaron que, tanto el acta como la certificación, debían ser recusadas.

Así, pues, escrutada—¡al fin!—el acta, que resulta ser la de la sección única del segundo distrito de Cerceda, el resultado en votos fué el siguiente:

D. José Lombardero Franco, conservador, 148.

D. Francisco Prieto Mera, liberal, 2973.

Al proclamar diputado el presidente al señor Lombardero, aplaudieron á éste sus amigos.

Paralelamente, noutro distrito indeciso, o Marqués de Figueroa comeza a visita do seu feudo, Pontedeume, onde leva 9 vitorias consecutivas, oito delas co 100% dos votos. Desta volta, as impresións deben ser moi negativas. Os solidarios levan tres anos facendo un duro traballo de autoorganización (9). Nalgúns dos concellos do distrito existen poderosas asociacións agrarias que acaban de federarse, escollendo como candidato a Rodrigo Sanz López, avogado ferrolán, presidente do Centro Solidario

de A Coruña. Nas últimas eleccións municipais venceron en San Sadurniño, Neda, A Capela, Fene, Monfero... levantando orgullosos a bandeira anticaciquil. Juan Armada Losada, exministro de Gracia y Justicia, aristócrata polos catro costados... non se sente a gusto.

Cando faltan 48 horas para que a *Junta provincial del Censo* proclame oficialmente ós candidatos, regresa ó seu refuxio na Torre de Figueroa, no concello de Abegondo, e manda recado a Lombardero. O Marqués se presentará pola circunscrición de A Coruña (10) de elección segura, deixando o duro traballo en Pontedeume ó fiel xornalista.

Lombardero, inagotable, acepta presentarse polos dous distritos. Encarga á súa organización siga traballando en Ordes e á última semana de campaña, persoalmente, se centra en Pontedeume, acompañado polos deputados provinciais García Novoa, Wais, Pan de Soraluze e López Rioboo. Da labor que realizan neste último distrito ofrécenos *La Voz de Galicia* parágrafos suxerentes:

«Un día antes de verificarse la elección no había cacique de por allá a quién le llegase la camisa al cuerpo, teniendo como cosa segura el triunfo del Sr. Sanz.

Todos sabemos que, de no haberse puesto en juego supremos recursos, los solidarios de La Coruña hubiesen tenido

La Voz de Galicia 13 de maio.

a estas alturas un diputado suyo, sacado de las urnas voto a voto, sin artificios de ninguna especie.» (11)

Quizás os supremos recursos teñan algo que ver cos desproporcionados resultados dos concellos de Castro (actual Miño), Cabanas e Mugardos, onde o 93% dos votos favoreceron ó conservador. Unha porcentaxe que ben podía deberse ao típico pucheirazo. Ademais *Ecos del Eume*, semanario da capital do distrito, informa da compra de votos a cambio dunha libra de pan e un cuartillo de viño. Xunto co voto, entregaban un vale trocable en determinado establecemento, por unha soa vez.

Tamén informou *La Voz de Galicia* das eleccións en Ordes, onde a organización do xornalista foi acusada de non respectar os horarios, invadir algúns colexios impedindo as votacións, entregar os plegos dos resultados a persoas alleas, confeccionar actas con resultados radicalmente diferentes ás certificacións, coaccións, abusos e parcialidade manifesta nalgunhas mesas... Lombardero aceptou a existencia desas irregularidades pero adxudicándollas á organización contrincante. (12)

Ó final, Lombardero venceu nos dous distritos. Dous anos despois falecerá en París.

Francisco Prieto Mera, derrotado en Ordes e tamén en Arzúa, conseguiu ser deputado en setembro, cando Rafael Gasset Chinchilla, no goberno con Canalejas, renuncia ó seu distrito en Noia, substituíndolle seu protexido polo artigo 29. Nas seguintes eleccións, Prieto Mera representou á provincia de A Coruña no Senado.

Precisamente no distrito de Noia houbo importantes incidentes como mesas que non aceptaron ós interventores, nas que non se levantou acta de constitución, nin se fixo escrutinio, nin certificación de resultados... Persoalmente, Rafael Gasset interveu na Poboia do Camamiñal inducindo ós presidentes de mesa a que expulsaran do local a notarios e, noutra sección, *arrojaron de viva fuerza* ó apoderado... presentando o candidato Alejandro Cadarso Ronquete certificacións notariais que non foron lidas na *Sala de lo Civil de la Audiencia*, no acto de escrutinio da *Junta provincial del Censo*. Anomalías parecidas déronse en Arzúa.

En Betanzos o principal incidente foi que, aceptada a candidatura de Víctor Naveira Pato, combativo exsolidario, non foi autorizado a presentar interventores, polo que escusou de competir.

Sen protestas foron proclamados os vencedores en Muros, Padrón, Corcubión e os tres da circunscrición coruñesa. E directamente, polo 29, os de Ferrol, Ortigueira e Santiago.

O resultado final reflexa o turnismo perfecto: 9 liberais e 5 conservadores pola provincia de A Coruña e 227 liberais, 105 conservadores e 70 doutras opcións, nun total de 404 deputados, no conxunto do Estado.

OBANQUEIRO CUNERO (13)

Xoves 5 de maio; En A Coruña, pola tarde, corren rumores de que hai un cambio na candidatura da circunscrición. Como ? Anúnciase a urxente saída de Madrid do Subsecretario de gobernación mentres o gobernador civil, Alvarado, presenta a dimisión. O partido liberal convoca a todos os seus cadros na estación de ferrocarril.

Venres 6 de maio; ó mediodía, no rápido de Madrid, chega o subsecretario Fernández Latorre. Recíbena non menos de 200 políticos, no que semella unha asemblea do partido liberal coruñés. Entre vítores e aplausos, acompañado polo Gobernador Civil, Presidente da Deputación e Alcalde, en carruaxe municipal, diríxense ó seu domicilio na rúa Santiago.

Alí conferencian. Pola tarde recibe á plana maior do partido conservador: Marqués de Figueroa, Lombardero e Torres Taboada. Alvarado retira a súa dimisión.

Sábado 7 de maio; A 24 horas das eleccións, sábese por fin o motivo de tanta axitación. Para satisfacer ó Ministro Conde de Romanones, xefe dunha das fraccións liberais, era preciso incluír na candidatura de A Coruña, da circunscrición, ó banqueiro Gustavo Bauer y Morpurgo, representante en España da banca Rothschild «*el rey de los dineros europeos*».

Bauer desexaba ser deputado e estaba encadrado na circunscrición de Cartaxena (14) pero intransixentemente os dirixentes políticos murcianos rexeitaron ó cunero que quedou sen distrito. Mirando o Ministro de Gobernación onde colocalo, repararía que o seu subsecretario, Fernández Latorre, tiña dous distritos: o de Ortigueira, onde levaba enfeudado 20 anos e o de A Coruña, onde desexaba saír por primeira vez. Debeu de pedirlle o favor persoalmente e Juan non puido negarse. Como o recado era un pouco complicado, pois os candidatos foran proclamados o día 1, tivo que facer esa precipitada viaxe, declarando que era por motivos persoais.

Na circunscrición de A Coruña, polos liberais presentábanse Juan Fernández Latorre e Rafael Romero Donallo. Juan convenceu a Rafael para que lle deixara a súa praza ó banqueiro e a cambio, 15 días despois, sería nomeado senador. Así, o subsecretario cumpría a encarga e conseguía conservar a súa praza na capital da provincia.

Vintecatros horas despois de chegar, Fernández Latorre colle o rápido de retorno á Corte. Na estación, outravolta, mais de douscentos políticos de toda clase e condición despídeno con expresivas demostracións de afecto. Seguramente, na carteira, levaría a nova acta da *Junta provincial del Censo* modificada, para cambiala pola orixinal, resolvendo ese pequeno problema para un subsecretario de Gobernación.

«*Si siquiera el Sr. Bauer, que es un potentado, viniera a comprar votos, ya que la Ética electoral es obra que todavía está por escribir!*

Pero, ¿ni eso! El Sr. Fernández Latorre, tomándonos

¡Cayó un rico!

Por fin ha resultado lo que veníamos esperando desde hace tantos años. Va á ser diputado á Cortes por la Coruña un rico, un indiscutiblemente rico; no como estos que nos gastamos por aquí — que á lo mejor no tienen quince céntimos propios— sino un señor que puede ostentar tal título de opulencia hasta que se muera por enfermedad natural ó por choque del planeta con el cometa de Halley.

El cronista no está, ni quiere estar, en los altos secretos de la política provincial. Sabe solamente lo que oye por ahí adelante y lo comenta á su sabor, sin admitir reclamaciones, á la manera que lo hace el Estado con el servicio de Telégrafos.

Bañer.

Tal es, por lo que dicen, el tercer lugar por la circunscrición de la Coruña. Esto del tercer lugar es un poquito de culto al eufemismo, pues en realidad es por lo menos el quinto. Y no hay quinto malo según el refrán taurino.

Este Sr. Bañer pudiera ser, por ejemplo, el célebre pianista que suele acompañar á Casals en sus conciertos de violonchelo. Pero no es probable, porque los pianistas tienen un teclado absolutamente alejado de la política. Su pensamiento se transmite al obediente teclado por el solo impulso de la voluntad. El pensamiento de los políticos tiene que pulsar muchas teclas antes de sacar un sonido.

Indudablemente se trata del otro Bañer, ya que se habla de un personaje nacional y el apellido no es vulgar. El Bañer opulento, asociado ó representante de Rostchild, el rey de los dineros europeos.

¡Alabemos de corazón á quien tales cosas dispone! La Coruña ha entrado en vías de verdadero florecimiento, porque el triunfo del candidato incógnito y adorable es un hecho inconcuso.

Veni, vidi, vici, que decían los romanos, ó *che gar e encher*, que decimos en el país.

En la ciudadela de la Coruña, como en la lucha electoral, todas son cuestras; y lo que para alguno significa ahora subir la calle de la Amargura, es para otros bajar la calle de la Sinagoga.

Bienvenido el candidato nuevo y fausta la fecha de hoy, sábado, en que todo el pueblo sabrá su nombre y su triunfo.

¡Tenemos un diputado rico!

No es que hasta ahora nos hubieran representado diputados pordioseros. Fueron señores de por acá; abogados, agricultores, banqueros, comerciantes, hombres honorables y prestigiosos, pero siempre del país y de fortunas medianas.

Influyeron con su valimiento personal y político para obtener mejoras, pero nunca pudieron pagarlas de su bolsillo.

Ahora la Coruña es una mina de oro. Su diputado es un talonario de cheques que nos deparará la felicidad.

¡Viva el Alaska español! Necesitamos Palacio de Justicia, cárcel decorosa, Escuela normal y de Comercio, Bolsa del pescado y Lonja del marisco y unas tripas del Palacio municipal, para que se acabe cuanto antes.

Por de pronto pedimos eso; pero desde el lunes pediremos más. Desde que nos faltó D. Eusebio da Guarda, el más generoso de los coruñeses, no hubo gente de arranque que nos pagase un edificio de su bolsillo particular. Y estamos verdaderamente hambrientos de protectores con barro á mano.

Se nos olvidaba pedir una serie de hoteles en la playa de Riazor. Pero confiamos en que todo se andará. Y el asfaltado del Ensanche, que también se andará, y algo de mejoramiento en los trenes, que se andará muy pronto y con mayor facilidad que todo lo demás, dada la calidad del candidato.

Emplazado queda éste para servir á su pueblo. Si así lo hace que Jehová se lo premie y sino es absolutamente lo mismo, pues tenemos mucha costumbre de tomar todo esto á beneficio de inventario.

Pero, como ser, sería muy agradable que el señor Bañer, que tan baratamente nos ha de representar, se durmiese un día con la espita de los centenes abierta hacia la Coruña.

Equis.

CANDIDATURA POR LA CIRCUNSCRIPCIÓN DE LA CORUÑA

D. Juan Fernández Latorre, liberal

D. Gustavo Bauer Morpurgo, liberal

D. Juan Armada Losada,
Marqués de Figueroa, conservador.

La Voz de Galicia 08 de maio.

por chinos o por tagalos, se allana a traer de Madrid el encargo de imponer a sus electores un candidato más que desconocido antipático para que los coruñeses le votemos de balde. Y dirá el Sr. Fernández Latorre: ya que La Coruña tiene un ayuntamiento ateo, que tenga también un diputado judío.» (15)

Nas seguintes eleccións Bauer preferiu ser senador, quizás para poder realizar un informe completo do sistema lexislativo español. Daquela presentárono por Ourense.

Domingo 8 de maio; as eleccións pasan absolutamente desapercibidas en A Coruña. Por retirarse o único candidato non idóneo vencen, sen oposición, os liberais Fernández Latorre e Bauer – que nin sequera veu á Coruña - e o Marqués de Figueroa, conservador. Os tres aparecen nas actas con milleiros de votos, «unos cuantos paquetes de candidaturas metidos de embuchado en unas urnas desguarnecidas de toda vigilancia» (16).

ESTREANDO O ARTIGO 29

Unha das novidades da Lei Electoral aprobada no 1907 era que aqueles distritos nos que a *Junta provincial del Censo* proclamaba un só candidato, non necesitaban realizar eleccións, adxudicándose directamente o escano. Utilizando por primeira vez o artigo 29, en Galicia acadaron acta directa un total de 27 candidatos monárquicos: todos os de Ourense; todos os de Pontevedra - agás o de Redondela -; todos os de Lugo - menos catro - e tres de A Coruña). Necesitaron vencer nas urnas só 16 deputados. Os máis deles tras disputa aparente ou manipulación evidente.

Na provincia de A Coruña resultaron elixidos sen votación José Canalejas Méndez, por Ferrol, Manuel García Prieto por Santiago e Juan Fernández Latorre por Ortigueira.

O caso do presidente Canalejas é curioso pois sendo ferrolán levaba trinta anos enfeudado entre Soria e Alcoi (Alacant) e nestas eleccións representaba, por primeira vez, á súa cidade. Certo que só por uns meses, pois renunciou, sendo substituído polo periodista coruñés Daniel López López, director do *Diario Universal*. Dous anos despois, Canalejas falecerá en atentado.

Pola súa banda Manuel García Prieto renunciou a representar a Santiago, onde levaba 17 anos, cando no 1911 o nomean marqués de Alhucemas e Senador Vitalicio. Deixou en Santiago ó seu cunado, Eugenio Montero Villegas, que, consecuentemente, abandonou o seu feudo de Muros.

E por fin, Juan Fernández Latorre tamén renunciou a Ortigueira, despois de recibir como presente la «Gran Cruz de Isabel la Católica», costeadada por subscripción popular. Colocou no seu lugar a Alonso Gullón y García Prieto, avogado madrileño de 26 anos, sucesivamente monterista, prietista, demócrata e liberal demócrata, pois así se presentaba ó longo da ducia de anos nos que acadou acta polo 29. Celebraron a proclamación cun banquete en Madrid. Alonso Gullón non visitou o seu distrito ata 16 meses despois.

DENOVOORDES

O ano político tivo un colofón espectacular no Nadal. Tra-la renuncia de Lombardero ó escano de Ordes, convocáronse novas eleccións nese distrito, presentando os conservadores a Julio Wais Sanmartín, avogado coruñés, e os liberais a Joaquín Chapaprieta Torregrosa, avogado alicantino que viña de representar a Murcia e Granada e quedou en Madrid sen visitar o distrito durante a campaña.

Por reclamacións duns e doutros parece que houbo as seguintes anomalías: En Buxán, Cerceda e Frades o Gobernador Civil suspendeu as corporacións municipais substituíndoas por outras interinas. En Buxán, detención do alcalde, sen mandato xudicial, paseado entre gardas civís por varias parroquias, sen consideración á súa ancianidade nin ás inclemencias do tempo, ameazas ós votantes con subirilles as cuotas de consumo, invasión dun colexio con rotura de mobles; en Curtis, procesamento da corporación por un xuíz accidental, intento de asalto á casa do xuíz especial; en Boimorto, envío dun delegado do gobernador; en Frades, entrega en man de papeletas dentro do colexio por unha persoa allea á mesa que ó final marcha coa urna, noutra sección secuestro do presidente da mesa e negativa a dar certificado do escrutinio; en Mesía, o xuíz municipal e o secretario estiveron ocupadísimos coaccionando aos votantes, sen acudir a levantar o cadáver dunha muller afogada, tal como lles foi requirido; en Oroso, non se deu posesión a interventores nin se expediu certificación de resultado; en Ordes, nas cinco seccións apareceron actas dobres, nalgún caso asinadas polas mesmas persoas; en Tordoia, tamén apareceron actas dobres, a «Junta municipal del Censo» nomeou uns presidentes de mesas pero os nomes foron cambiados cando se publicaron no *Boletín Oficial*; en O Pino, non houbo incidentes! e en Trazo, o resultado foi o mesmo que 7 meses antes pero ó revés: conservadores 573 – 8 liberais en maio e en decembro conservadores 8 – 375 liberais. (17)

Tal foi o escándalo que non houbo proclamación nin credencial. Trinta meses despois, o Supremo acordou que se realizara unha nova votación. Daquela, falecido Lombardero e Wais enfudado en Pontedeume, Chapaprieta non tivo contrincante, proclamándose polo 29. (18)

Toda esta realidade electoral era observada polos anarquistas, tamén activos protagonistas desas décadas da historia de España. Sabido é que non necesitaban de estímulos para denunciar as eleccións burguesas como manobras de perpetuación da explotación, comprobando como o descrédito do sistema chegaba a extremos inauditos. A súa posición, favorable á abstención, que seguida por militancia ou escepticismo era practicada por moitos, decidiu ó goberno impoñer a obrigatoriedade do voto... con escasos resultados.

OUTRAS NOVAS

Para rematar, unha corta reseña doutras novas que, tamén neses días, tiveron espacio nos xornais coruñeses e que nos axudan a contextualizar o aspecto electoral con outras realidades da época:

Crónica ferrolana

Solucionada la huelga—Otros detalles

Por fin, la huelga ha quedado solucionada, como dejaba entrever en mi crónica de ayer, desde el momento que los huelguistas se han despojado del lastre inútil y perjudicial de los intermediarios.

Uno de los factores importantísimos que ha contribuido á que el conflicto fuese solucionado, lo ha sido sin duda las contestaciones dadas por las sociedades de peones de Barcelona, Bilbao y Madrid.

Las dos primeras han contestado que no consideran la huelga justa, porque los peones de ambas capitales no ganan más que 12 reales, y la de Madrid asegura que allí solo perciben dos pesetas en las obras de la Gran Vía.

Los peones madrileños dijeron más; afirmaron que de persistir los ferrolanos en la huelga, ellos vendrían aquí á solicitar sus plazas, en vista de la ventaja que les ofrece el sueldo que da á sus obreros la Empresa Jackson.

Se han realizado varias detenciones.

Dícese que los *esquirols* vecinos de la Moreña, Cobas y Esmelle fueron atacados por los huelguistas, resultando de los primeros bastantes lesionados.

A varios *esquirols* que viven en Mugar dos les fueron incendiados los pajares, arrancadas las sembraduras y apedreados los cristales.

Los huelguistas de este pequeño pueblo acusados de haber cometido tales delitos, ingresaron en la cárcel, y la guardia civil busca á otros dos por la misma causa.

Circula el rumor de que esta madrugada apareció muerto en Jubia uno de los huelguistas.

Hasta ahora no se ha confirmado el rumor.

Son muchas las mujeres que hay detenidas por haber insultado á las esposas de los *esquirols* y apedrear las casas donde éstos viven.

Con motivo de estas detenciones, en el Juzgado de instrucción trabajase con gran actividad.

Sabiéndose por confidencias que los huelguistas pretendían cortar el cable de alta tensión que da energía á los motores de la luz y maquinaria del Arsenal, se ordenó, muy acertadamente, que fuerzas de Caballería cubriesen la extensa línea que hay desde el Ferrol á la Ferbenza (Rojal), sitio en donde la fábrica eléctrica tiene establecido su motor ó salto de agua. Se dispuso que un retén de Artillería pernoctase en la central de la eléctrica; que ésta encendiese la caldera de vapor por si se necesitaba de su auxilio; que, durante toda la noche patrullasen por la población fuerzas de la Guardia civil y Caballería de Galicia y, finalmente, que todos los jefes y oficiales pernoctasen en sus respectivos cuarteles desde las diez de la noche.

Así y todo fué cortado uno de los cables;

24 de abril. No Teatro Circo de A Coruña, a rebosar, un mitin obreiro pide amnistía para os encarcerados dende a Semana Tráxica, e a reapertura das escolas racionalistas e laicas, clausuradas dende entón polo Goberno. Intervenien representantes obreiros de Vigo, Pontevedra, A Coruña e numerosos de Ferrol que informan da folga de canteiros e peóns que están construíndo o novo dique do Arsenal. (De *La Voz de Galicia* e *El Noroeste*)

27 de abril; Betanzos. «*El primer domingo del actual celebróse, como de costumbre, la romería de Fray Pedro Manzano. Está basada en la creencia de que la santidad del fraile fué declarada, y esto no ha ocurrido.*

El cura D. Benigno Roca, por conveniencia propia, lejos de hacerle comprender a los paisanos su error, lo alimenta.

Nuestros pobres labriegos concurren a millares, y todos llevan algo, especialmente dinero, cera y jamones. Estos a los que el párroco llama «bombardinos», se subastan en el atrio de la iglesia, adjudicándose al mejor postor.

*Cuentase que el día de la fiesta el señor Roca dice a grandes voces: Os cartos a min, a cera ao sacristán e o porco a mi madre, o algo por el estilo...» (de *La Voz de Galicia*)*

15 de maio. Crónica Judicial «... Verlo Antonia y huir de él por temor a un nuevo maltrato, fue todo uno. Pero París siguió tras ella y alcanzándola en la carretera la golpeó brutalmente asestándole varios puñetazos y patadas en el pecho y en la espalda y la hizo volver al baile. Consecuencia de los golpes fue una congestión pulmonar que originó la muerte de la infeliz muchacha a los pocos días...

... El Jurado, ¡oh jurado benévolo y compasivo! Inclínó el fiel de la balanza del lado del defensor y declaró que París no había cometido más acto vituperable que éste: el de abofetear a su novia... condenó a la enorme pena de dos meses y un día de arresto mayor y 30 pesetas de indemnización.

... es mejor maltratar a una débil mujer, aunque ésta pierda la vida en el maltrato, que faltarle a un guardia urbano. (de El Noroeste)

... Cuando la Sala dictó sentencia, la turba incivil que llenaba el local... rompió a aplaudir frenética... En doloroso contraste, los gritos doloridos, las lágrimas desconsoladas del padre y de una hermana de la víctima clamando en los pasillos y a través de las calles, por una justicia que no encontraban, conmovían profundamente.

Hay obcecaciones, miserias humanas y sumisiones ovejunas, que sublevan el ánimo.

Y triunfe el matonismo y ¡viva el Jurado, progresiva y democrática institución puesta al alcance de todos! (de La Voz de Galicia)

CRÓNICA JUDICIAL

¡TAPA! ¡TAPA!

El hecho que ayer ocupó la atención del Jurado en la sección primera de la Audiencia provincial no es de los que puedan relatarse con detalle.

Trátase de un sujeto llamado Segundo Pintané San Luís que un día de Mayo del año último realizó á mansalva ciertos abusos sobre una joven de 16 años contagiándole una enfermedad de la que tardó en curar noventa días.

Por ello pedía el fiscal que se le condenase á cuatro años, nueve meses y once días de prisión correccional y á indemnizar con 250 pesetas á la perjudicada.

La vista se celebró á puertas cerradas, por la naturaleza del delito.

A pesar de ello pudimos averiguar que la prueba no favoreció al procesado; que el fiscal señor Piernavieja sostuvo la acusación en un razonado informe, y que el letrado Sr. Martínez Fontenla abogó muy elocuentemente por la inculpabilidad del reo.

El Jurado se sintió benévolo una vez más y echó á la calle á Pintané, á quien absolvió la Sala.

Y son con esta cuatro las absoluciones en lo que va de cuatrimestre; á absolución por juicio.

UN ABOGADO DE POBRES.

El Noroeste 14 de maio.

NOTAS

- 1.- José Lombardero Franco, (A Coruña 1864 – París 1912) avogado, xornalista e político. Director entre 1887 e 1889 de *La Voz de Galicia*, refundou *El Noroeste* en 1896. Conservador maurista. Deputado itinerante. No ano 1909 Juan Armada Losada, entón ministro de Gracia y Justicia, nomeao director xeral de Registros y del Notariado.
- 2.- Juan Fernández Latorre, (A Coruña 1849 – Madrid 1912) militar, xornalista e político. Propietario fundador de *La Voz de Galicia*. Revolucionario no Sexenio foi derivando ó liberalismo monárquico. Deputado por Ortigueira dende 1891. O 10 de febreiro de 1910 é nomeado subsecretario de Gobernación e o 8 de novembro do mesmo ano, gobernador civil de Madrid, onde segundo seu xornal, destacará pola súa activa campaña contra a mendicidade.
- 3.- TORRES REGUEIRA, X. «*Pontedeume. Feudo do Marqués de Figueroa*» en *A Nosa Terra* de 21 de marzo de 1991. «... en 1906 os liberais, liderados por Gasset, e os conservadores mauristas, capitaneados polo Marqués de Figueroa, deciden repartirse a provincia cun pacto de non agresión... a estabilidade do sistema turnista fica afortalada...»
- 4.- *El Noroeste* 29 de abril e 1 de maio de 1910.
- 5.- Nestas mesmas eleccións sae elixido por primeira vez un deputado de PSOE, o ferrolán Pablo Iglesias Posse, pola Conxunción republicano-socialista de Madrid.
- 6.- Seguindo a división taxonómica de Maura que dividía ós caciques galegos en máximos, medios e mínimos. *El Noroeste* 5 de setembro 1907.
- 7.- *La Voz de Galicia* 26 de abril de 1910.
- 8.- *El Noroeste* 22 de abril de 1910.
- 9.- Ver BRISSET MARTIN, Xavier, «*Os solidarios ante o invicto Marqués*» Cátedra nº 17, 2010, Pontedeume.
- 10.- A chamada circunscripción de A Coruña correspondía ós distritos electorais da capital, Carballo e Carral. Unificados polos monárquicos para diluir a maioría republicana da cidade na masa labrega dos concellos veciños. Chegaba dende Malpica ata Cesuras pasando por Santa Comba. Escollía tres deputados. Se lles tocaba gañar ós conservadores a candidatura conxunta eran dous conservadores e un liberal, se lles tocaba ós liberais, como era neste caso, dous liberais e un conservador. Os republicanos nin se presentaban.
- 11.- *La Voz de Galicia* 10 de maio de 1910.
- 12.- *La Voz de Galicia* 13 de maio de 1910.
- 13.- Cunero: Candidato sen vinculación co distrito, imposto polas direccións dos partidos.
- 14.- A circunscripción de Cartaxena escollía 4 deputados. Os encasillados eran tres polos liberais: o Duque de Pastrana, xenro do Conde de Romanones; José García Vaso, tamén romanonista que a partir destas eleccións se enfeuda e o cunero Gustavo Bauer Morpurgo. E polos conservadores unicamente Antonio García Alix, que levaba 20 anos enfeudado. O problema para Romanones foi que os conservadores, ademais, impuxeron a José Maestre Pérez, polo que sobraba un liberal. Así, o banqueiro de ascendencia austríaca caeu da lista de Cartaxena.
- 15.- *El Eco de Galicia* de 7 de maio de 1910
- 16.- *El Noroeste* 10 de maio de 1910
- 17.- *El Noroeste* e *La Voz de Galicia* de 30 decembro 1910.
- 18.- Nas seguintes eleccións Chapaprieta presentouse por Noia. Por Ordes, será elixido Alfredo Vicenti polo artigo 29. A partir do 1916 se enfeuda Alfonso Senra Bernárdez que se presenta como liberal, liberal independente, gassetista e liberal agrario. Como algúns outros políticos da etapa final da Restauración, Senra recíclase no Franquismo, onde foi membro do *Tribunal de Responsabilidades Políticas*.